

Pontedeume, 2 Outubro 2.003

Querido Xabier:

Gracias polas tuas reflexións que recibín con agrado.

Aquelas xentiñas de Soaserra, de quen che falei, cando eu vin para Pontedeume, viñan o mercado dos mércores a "Vila", como lle chamaban, -e tamén a Mugaros e Ares, a Fene muy pouco ya que era unha aldeña. Chegaban a primeira hora de mañá, sobre as sete, cos seus carros do país, muito mais estreitos cos da Provincia de Pontevedra, o menos no Sur, que eran levados por dous bois, e eiquí con duas vacas, cargados de leña de toxo para as cociñas, o que era equivalente a unha botella de butano, as que agora lle levo eu nun camión cargado con mais de 70 carros de leña de toxo, o que hoxe equivale a un perxucio xa que non se corta, e sirve para alimentar os fogos dos montes galegos. ¡¡cousas de vida!!... O mesmo tempo votaban os sacos de carbón, tamen de toxo para as planchas e asados, que en **pilas** o facian en Soaserra, muy traballosamente, incluíndo que tiñan que estar atendendo e asexando toda a noite para que no fuxira o lume e cando non facian iso, tiñan que escorrentar os xabaríns, que eran abundantes, polo que o Lugar donde estaba a Capela Evanxélica se chamou sempre Lugar de XABARÍS, Parroquia de Soaserra. Te axunto un Correo que recibín da Arxentina, que parece, sin as variacións da fala, parece reflexa a verdadeira situación de España.

Un abrazo e gracias por as tuas informacións.